





PERSOAS CON AUTISMO

AUTISMO GALICIA

UN MUNDO DE POSIBILIDADES





MAREMAGNUM

AG AUTISMO GALICIA

Nº 12. Ano 2008

Número Ordinario
galego/castelán

Director

Cipriano Luís Jiménez Casas
ciprianoluis@menela.org

Consello de Redacción

Ana Martínez Díez
Enma Cuesta Fernández
Susana Rodríguez Blanco
Estrela Vázquez Allegue
Cipriano Luís Jiménez Casas

Corrección Lingüística

Xabier Ron Fernández, M^a do Carme Bugallo Mariño e
Secretaría Xeral de Política Lingüística

Ilustración portada

Bernardo Tejeda

Edita

AUTISMO GALICIA

Rúa Home Santo de Bonaval, 74 baixo
15703 Santiago de Compostela

Tfno. 34 981 589365

Fax 34 981 589344

Móvil: 670 797656

E-mail: info@autismogalicia.org




www.autismogalicia.org


I.S.S.N. 1698-5966

Dep. Legal: 378-1997

Impresión

Comercial Gráfica Nós. Príncipe, 22 baixo - Vigo





Sumario

5

Editorial

PERSOAS CON AUTISMO. UN MUNDO DE POSIBILIDADES

7

DIA MUNDIAL DE CONCIENCIACIÓN SOBRE O AUTISMO

Cipriano Luís Jiménez Casas

15

COGNICIÓN SOCIAL EN HUMANOS

Christopher D. Frith e Uta Frith

37

AUTISMO E VACINAS

Éric Fombonne

51

LECCIÓN DE SÍNDROMES PRÓXIMAS AO AUTISMO

Michelle Zappella

69

CENTRO CASTELLO. UN PROGRAMA EDUCATIVO INTEGRAL


“UN XEITO DIFERENTE DE APRENDER IMPLICA UN XEITO
DIFERENTE DE ENSINAR!!

Edna García de Martínez

75

OS/AS ALUMNOS/AS CON TRASTORNOS XENERALIZADOS DO
DESENVOLVEMENTO. SITUACIÓN EN GALICIA

A. Martínez Díaz, M. Tiemblo Marsal, A. Rodríguez Díaz, Berta Mejjide Rico,
A. V. Gómez Soler, C. L. Jiménez Casas



85




OS SÍMBOLOS NACIONAIS DE EUSKADI, CATALUÑA E GALICIA

Ramón Villares

95

O CONCEPTO DE FRONTEIRA: IDEOLOXÍA E PERFORMANCE NAS
CANTIGAS DE SANTA MARÍA

Xosé Ramón Pena



COGNICIÓN SOCIAL EN HUMANOS*


Christopher D. Frith¹ e Uta Frith²

RESUMO

Presentamos unha revisión de diversos estudos de interacción humana e resaltamos a importancia dos sinais sociais. Tamén debatemos os achados recentes da neurociencia social cognitiva que exploran a base cerebral para a capacidade de procesar sinais sociais. Estes sinais permítenos aprender dos demais cousas sobre o mundo, aprender sobre outras persoas e crear un mundo social compartido. Os sinais sociais poden procesarse de forma automática por parte do/a receptor/a e poden ser emitidas de forma inconsciente polo/a emisor/a. Estes sinais son non verbais e son responsables da aprendizaxe social no primeiro ano de vida. Os sinais sociais tamén se poden procesar de forma consciente, o que permite a modulación e superación do procesamento automático.

Existen probas abundantes deste procesamento social de alto nivel a partir dos 18 meses en humanos, mentres que hai probas escasas ao respecto para animais non humanos. Suxerimos que esta sinalización social require unha consciencia reflexiva sobre unha ou un mesmo e unha consciencia sobre o efecto dos sinais nos demais. De forma semellante, a recepción apropiada de tales sinais depende da habilidade de asumir o punto de vista doutra persoa. Esta habilidade é crítica para a xestión da reputación, dado que esta depende do seguimento de como perciben os demais as nosas accións. A nosa suposición é que o desenvolvemento destes sistemas de sinais sociais de alto nivel acompaña o desenvolvemento da consciencia.

*Current Biology 17, R724-R732, Agosto 21, 2007 [©]2007 Elsevier Ltd Derechos reservados DOI 10.1016/j.cub.2007.05.068. Agradecimentos: Este estudo recibiu apoio do Wellcome Trust, o Medical Research Council of Great Britain e a Danish National Research Foundation.





Cognición social en humanos

Introdución

A cognición social [1] é a suma daqueles procesos que lle permiten aos individuos dunha mesma especie (co-específicos) interactuar uns cos outros. Estas interaccións son unha cuestión de supervivencia, tanto para os individuos coma para a especie en xeral. Basicamente depende do tipo de intercambio de sinais. Mentres que a fala é o sinal máis obvio que tipifica a comunicación social nos humanos, existen moitos outros sinais básicos máis que os seres humanos comparten con outros animais sociais. Por exemplo, a expresión facial e a postura corporal dinnos o que pode que sinta a outra persoa [2]. Ao facer un seguimento da mirada podemos saber se alguén concentra a súa atención en algo e igualmente ao observar os movementos corporais podemos inferir o que pretenden facer [3]. Moitos animais utilizan estes sinais que emanan tanto de co-específicos como de membros doutras especies [4,5]. Asumimos que a cognición humana inclúe todos os procesos que usan outros animais sociais, moitos deles trátanse nesta edición especial, pero tamén inclúe procesos especiais que son só característicos dos humanos. Parece ser que son precisamente estes procesos os que permitiron o desenvolvemento da linguaxe, a aprendizaxe institucionalizada e o que se denomi-

1. O autor é profesor en neuropsicoloxía no University College, Londres (UCL), e subdirector do Leopold Müller Functional Imaging Laboratory do UCL's Institute of Neurology, é un dos pioneiros en aplicar a imaxinería cerebral ao estudo de procesos mentais. É especialmente coñecido polo seu traballo en intelixencia social, e na comprensión das mentes de persoas con autismo e esquizofrenia. Educado no Christ's College, Cambridge, recibiu o seu Ph.D. en psicoloxía na University of London en 1969. Empezou a súa carreira de investigación no Institute of Psychiatry, Londres, e, en 1975, chegou a ser científico no Britain's Medical Research Council. O Dr. Frith foi designado á súa posición actual en 1994. Foi colaborador en All Souls College, Oxford, e tamén na Universidade de Aarhus en Dinamarca e na Universidade de Salzburgo. Exerciu como presidente da Section of the British Association for the Advancement of Science e da Association for the Scientific Study of Consciousness. Membro da Royal Society, é tamén membro do (British) Academy of Medical Sciences e da American Association for the Advancement of Science, e membro da Academia European. O Dr. Frith recibiu o Kenneth Craik Award dado por St. John's College, Cambridge, o Robert Sommer Award, dado pola Justus Liebig-Universität en Giessen, Alemania, e o Burghölzli Award da University of Zürich. Fóronlle concedidos doutorados honoris causa pola Paris-Lodron University de Salzburgo e a University of York. Actualmente traballa na editorial de Science, o Journal of Cognitive Neuropsychiatry, de Neuroimage, e da Psychological Medicine. É autor duns 335 artigos publicados en diarios científicos, co-redactor de dous libros, incluíndo, (con D. W. Wolpert) *The Neuroscience of Social Interaction: Decoding, Imitating and Influencing the Actions of Others* (2004), e co-autor de catro libros, entre eles (con E. C. Johnstone) *Schizophrenia: A Very Short Introduction* (2003). O seu último libro, *Making up the Mind: How the Brain Creates our Mental World*, foi publicado por Blackwell.
2. A autora, nacida en Alemania co nome de Uta Aurnhammer, graduouse en Historia da Arte na Universitaet des Saarlandes, Saarbruecken. pero cambia entonces de dirección para traballar en Psicoloxía. Uta Frith é unha psicóloga do desenvolvemento que traballa no Institute of Cognitive Neuroscience da University College London. Ten publicado moitos artigos sobre autismo e dislexia, así coma varios libros. A súa obra máis coñecida é 'Autism: Explaining the Enigma' que proporciona unha introdución á neurociencia cognoscitiva do autismo. Traballou en psicoloxía clínica no Institute of Psychiatry, King's College London e pasou a completar o seu Ph.D. en autismo en 1968.





Christopher D. Frith e Uta Frith

na comunmente como cultura. Unha cuestión nova, que consideraremos na última sección desta revisión, é se estes procesos tamén determinan a natureza da experiencia humana consciente.


Nesta revisión realizamos unha distinción entre sinais que se procesan de forma automática e aquelas que se procesan de forma deliberada. Asumimos que a maioría dos sinais sociais se procesan de forma automática e sen consciencia diso. Proporcionan información sobre a persoa da que emana o sinal (emisor/a). Nin quen emite o sinal nin quen o recibe teñen por que ser conscientes de que intercambian sinais. O feito de que esta información sexa válida ou non xa é outro asunto. Tratamos as persoas como perigosas ou de confianza baseándonos na súa aparencia, sen saber nada máis sobre elas.


Lemos automaticamente as emocións das persoas nas súas caras sen que importe se son finxidas ou verdadeiras. Os sinais automáticos tamén nos falan das cousas ou persoas coas que interactuar quen emite o sinal. Unha expresión de noxo dinos que deberíamos evitar o que está a comer o/a emisor/a.

O traballo de Frith na teoría da mente no autismo propón a idea de que as persoas con autismo teñen dificultades específicas que comprenden as crenzas e desexos doutras persoas. Grande parte deste traballo foi levado a cabo con Simon Barón-Cohen que foi estudante do doutorado de Uta. Ela tamén suxeriu que os individuos con autismo teñen 'coherencia central débil', e son mellores que os individuos típicos en procesamento de detalles pero peores en integrar información de moitas fontes diferentes. Frith é membro da Royal Society, da British Academy e da Academy of Medical Sciences.

A dirección da mirada doutra persoa dinos onde pode haber algo interesante no noso ámbito. Os sinais tamén nos falan da interacción na que nos atopamos. Cando interactuamos con alguén adoitamos imitar os movementos e xestos repetitivos da outra persoa. Non somos conscientes desta imitación pero, cando acontece, crea unha sensación de confianza mutua: o efecto camaleón [6]. Resulta interesante comprobar que esta confianza asociada ao efecto camaleón pode verse destruída se nos decatamos de que se nos imita [7]. Máis ben ao contrario, pódenos parecer que se nos fai burla.

Así que, cal é o beneficio do procesamento de alto nivel dos sinais sociais? As interaccións sociais permiten un aumento moi significativo das posibilidades de levar adiante accións en grupo cando os sinais se realizan de forma consciente. A característica crítica dun sinal deliberado e consciente é que recoñezamos que os sinais son sinais e que, polo tanto, están impregnadas de significado. Suxerimos que cando tanto quen emite como quen recibe son conscientes dese intercambio de sinais, entón pode xurdir realmente a comunicación humana. Neste ensaio presentaremos algunhas probas sobre estes dous niveis diferentes de sinais e faremos unha revisión dos estudos sobre a base cerebral da capacidade subxacente ao intercambio de sinais sociais.





Cognición social en humanos

Aprender sobre o mundo doutras persoas

A historia do pequeno Albert, que foi condicionado por Watson e Rayner [8] para ter medo dunha rata branca, cítase moito para mostrar os poderosos efectos, a xeneralización e a persistencia do condicionamento clásico. Non obstante, unha das vantaxes críticas de ser un animal social en vez de solitario é que podemos aprender do mundo a través das experiencias doutras persoas, sen necesidade de experimentar as cousas de primeira man. A aprendizaxe social permítenos evitar poñernos enfermos por comer un cogomelo venenoso. Non temos que probar todo por nós mesmos e recibir o castigo por respostas incorrectas; podemos evitar o castigo observando a sorte doutra persoa, escoitando a experiencia pasada doutra persoa ou mesmo lendo sobre as experiencias acumuladas de varias xeracións.


Unha das formas máis básicas de utilizar a aprendizaxe social é seguir a mirada. Con toda probabilidade, a dirección da mirada de alguén sinala a algo de interese ou de importancia. Este efecto é automático e obrigatorio. Por exemplo, no experimento de Bayliss e Tipper [9], que veremos máis adiante, os participantes seguían atendendo a dirección indicada pola mirada da outra persoa, mesmo cando esa persoa desviaba a mirada unha e outra vez do obxectivo que o participante intentaba detectar.


Igual que seguimos os movementos oculares da xente, tamén imitamos sen decatarnos moitas das expresións faciais que vemos e como resultado experimentamos as mesmas sensacións [10]. Un exemplo disto son a dor [11], o medo [12] e o noxo [13]. Cando vemos tales expresións na cara doutras persoas podemos aprender algo sobre o mundo e ao imitar estas expresións podemos adoptar a resposta apropiada. Se vemos unha cara asustada, que mira cara a un lugar concreto no espazo é probable que nese lugar haxa algo do que ter medo. Polo tanto, podemos prepararnos para fuxir mesmo antes de verificar o obxectivo.

Utilizar as reaccións emocionais doutra persoa para orientar a nosa resposta a situacións novas chámase referenciación social.

Os bebés humanos tenden a buscar referencia na expresión da súa nai cando se enfrontan a un obxecto novo. Por iso, de forma xeral podemos dicir que se a nai mostra medo, o bebé tende a evitar tocar o xoguete, pero se ela mostra pracer, o bebé explóralo [14]. Este tipo de aprendizaxe non se limita á infancia. As persoas adultas tamén poden aprender a asociar unha resposta de medo a un estímulo, observando como outra persoa recibe un pequeno conxunción cada vez que se expoñen a ese estímulo. [15].

Este tipo de sinal social non require un procesamento consciente de alto nivel. Estudos seminais sobre a aprendizaxe por observación con monos (Rhesus, Mineka et al.) [16,17] demostraron que os bebés de mono que nunca viran unha serpe, dado que naceran no ámbito seguro dunha colonia de laboratorio, adquirían rapidamente medo ás serpes observando un modelo nun vídeo que mostraba medo dunha serpe. Pola contra, non adquirían medo





Christopher D. Frith e Uta Frith


dunha flor mesmo despois de 12 probas de observación. Pola súa propia historia de evolución, o cerebro está pre preparado para aprender estímulos ameazantes de forma arcaica [16,17]. Polo tanto, o pequeno Albert seguramente aprendería a ter medo ás serpes cun único intento simplemente observando o medo doutra persoa.

Aprendemos mellor doutra persoa na que confiamos e á que podemos adscribir o coñecemento? Seguramente si, aínda que faltan probas de tipo experimental e neurofisiolóxico neste sentido. Os experimentos sobre referenciación social case sempre utilizan a nai como emisora do sinal. Polo xeral, a nai adoita ser a persoa de maior confianza e coñecemento coa que interactúa un individuo moi novo e carente de experiencia. Non obstante, durante o desenvolvemento, os modelos utilizados para a aprendizaxe social van cambiando. Mentres que os bebés de 14 meses non aprenden dunha persoa totalmente descoñecida nunha situación de referenciación social [18], si aprenden dunha persoa descoñecida familiarizada [19]. Á idade de 24 meses as persoas descoñecidas utilízanse como fonte de aprendizaxe social [20]. Os iguais convértense en importantes modelos sociais en fases máis tardías da infancia e adolescencia e todos utilizamos figuras públicas e iconas como modelos para a aprendizaxe social e para emular o seu estilo.

Como avalía o noso cerebro a calidade e a validez dun sinal social? Existe unha ambigüidade inherente na actitude dunha persoa ante un obxecto. Cando observamos unha persoa que mira un obxecto, pode indicarnos correctamente que ese obxecto é desexable e que nos deberiamos achegar a el, pero a resposta tamén pode indicar algo sobre o que lle gusta ou non a esa persoa como algo idiosincrásico, máis que algo sobre o obxecto. Por exemplo, a algunhas persoas o ruibarbo parécelles noxento mentres, que a outras lles parece unha delicia. Gergely et al. [21] demostraron que os bebés de 14 meses utilizan a referenciación social para aprender o valor dos obxectos, pero non parecen recoñecer que persoas diferentes teñen actitudes diferentes ante o mesmo obxecto. Só a partir dos 18 meses os bebés utilizan a referenciación social para aprender sobre a disposición doutra persoa. Neste punto podemos recoñecer que un obxecto agradable pode que lle desguste a algunhas persoas. Unha vez que chegamos a ese nivel, os signos sociais pódense recoñecer tanto pola parte de quen emite como de quen recibe o sinal como comunicativos de forma deliberada. Isto verémolo máis adiante.


Aprender sobre os demais

Existen moitos indicativos para aprender sobre a disposición doutra persoa, tanto trazos estables da personalidade como intencións e emocións sempre cambiantes. Unha grande cantidade de experimentos psicosociais demostraron que somos capaces de vulgar rapidamente as competencias e afecto doutras persoas [22].



Cognición social en humanos

Por exemplo, despois de observar a cara dunha persoa durante 100 milisegundo, decidimos se son de fiar ou non e este xuízo non cambia se se nos dá máis tempo para estudar a cara [23]. Observar unha persoa que ten cara de non inspirar confianza activa a amígdala (ver Figura 1), mesmo cando non se nos pide de forma explícita que xulguemos se a persoa é de fiar ou non [24]. Unha das funcións máis importantes da amígdala é engadir valor (sexa positivo ou negativo) a estímulos, como no condicionamento do medo [25,26]. Estes estímulos non teñen por que ser sociais, pero a través deste condicionamento aprendemos a achegarnos ás persoas que teñen cara de inspirar confianza e evitamos aquelas que teñen cara de non inspirar confianza.



Prexuizos


Aínda que existe un acordo amplo entre grupos de persoas sobre o que é unha cara que non inspira confianza, non existe ningunha proba de que esta caracterización teña a máis mínima validez. Este é un exemplo de prexuízo inxustificable, supostamente derivado das normas culturais e as preferencias innatas pola familia propia ou por grupos de persoas privilexiadas máis que por experiencia directa. Así, en todas as sociedades podemos identificar grupos incluídos e excluídos. Algúns grupos recoñécense como máis privilexiados que outros e atraen estereotipos positivos, mentres que outros atraen estereotipos negativos. Por exemplo, as nenas e nenos mostran unha preferencia constante ante grupos afortunados fronte a grupos desafortunados, definidos como vítimas de desastres naturais incontrolados [27]. O beneficio evolutivo de forxar alianzas cos grupos afortunados en vez de cos desafortunados explica a aparente facilidade coa que albergamos sentimentos negativos cara ás persoas en situación de precariedade. Os prexuizos, que aumentan a desigualdade e ofenden a nosa mente racional e o noso sentido da xustiza, baséanse nun mecanismo automático que pode evolucionar de enfrontarse a situacións nas que non temos coñecemento previo da persoa que temos diante [28].

Os nosos sentimentos irracionais revelan a súa forza nas medicións de imaxes cerebrais e autonómicas. Cando lles mostraban caras de persoas negras descoñecidas a persoas brancas estadounidenses activabáselles a amígdala [29]. A magnitude da actividade da amígdala correlacionarse cunha medida implícita do prexuízo racial (o Test de Asociación Implícita), unha ferramenta fundamental para investigar a presenza de prexuizos inconscientes [30, 31]. Neste exemplo, as caras negras convertéronse en estímulos condicionados para respostas de medo principalmente por transmisión cultural máis que por experiencia directa. A resposta da amígdala non a activan as caras de persoas negras estadounidenses coñecidas e que se asocian con algo positivo [29]. Neste caso, o prexuízo asociado ao grupo foi superado a través do coñecemento dos individuos específicos.

Experiencia

Podemos aprender a confiar ou desconfiar de individuos específicos a través da interacción directa. Singer et al. [32] invitaron a participantes do seu experimento a xogar a xogos de reciprocidade e confianza con persoas que non coñecían. De feito, só lles mostraban fotos das súas caras.

O xogo estaba deseñado de forma que algunhas persoas reciprocaran confianza de forma fiable (cooperadores), mentres que outras non. Aos participantes rapidamente lles gustaban as caras de quen cooperaba e non lles gustaban as caras de quen non o facía. De feito, referíanse ás caras dos cooperadores como máis atractivas, mesmo se a mesma cara ás veces asignaba a cooperador e outras veces a traidor para distintos participantes. As caras que



Cognición social en humanos

adquiriran valor (cooperadores e traidores fronte a neutrais) desencadeaban máis actividade na amígdala. Polo tanto, os participantes cualificaban as mesmas caras como atractivas ou non dependendo totalmente do seu comportamento no xogo.

É importante excluír que estes efectos non aparecían simplemente como sentimentos negativos asociados ás perdas monetarias asociadas a algunhas caras e os positivos ás ganancias doutras. Dixéraselles aos participantes que algúns xogadores simplemente seguían instrucións dun ordenador e que non decidían por si mesmos canto diñeiro devolver aos participantes. A resposta asociada ás caras confirmaba que a atribución de intención era fundamental. Que lles gustase ou non unha cara só aparecía para as caras que xogaban como axentes libres e que polo tanto podían ser responsables das súas accións. Os participantes no xogo non só aprendían qué caras estaban asociadas cunha recompensa. Tamén aprendían en quen confiar. Os sinais de ser de confianza poden ser máis indirectos. Bayliss e Tipper [9] utilizaron a dirección da mirada como un sinal nas funcións de atención espacial. Algunhas caras miraban de forma fiable á localización obxectiva, mentres que outras máis a miúdo miraban en dirección errónea. En consecuencia, os participantes cualificaban as persoas que miraran na dirección errónea como menos dignas de confianza.


Intencións

Os estados mentais como o desexo ou as intencións son invisibles, pero podemos aprender cousas sobre elas observando os movementos doutras persoas e a dirección da súa mirada. A mirada é un signo indicativo do que lle interesa a unha persoa. Este uso da mirada aparece a unha idade moi temperá: Lee et al. [33] mostráronlle a varios nenos e nenas a foto dun neno (Larry) rodeado de catro obxectos diferentes.

As nenas e nenos de dous anos podían usar a dirección da mirada de Larry para decidir qué xoguete quería.

As persoas estamos moi ben programadas para inferir obxectivos de movementos, non só do movemento dos ollos e a cara, senón de todo o corpo, sobre todo dos brazos e das mans. Mesmo un bebé de 6 meses responde con miradas de interese cando vai a unha persoa adulta coller a mesma cousa varias veces [34].

Hamilton e Grafton [35] utilizaron un enfoque similar ao mostrarlles a persoas adultas unha serie de películas que mostraban a un actor que unha e outra vez collía a mesma cousa e que logo, co mesmo movemento e de forma inesperada, collía outra cousa diferente. A aparición repetida do mesmo obxecto causaba a supresión da activación cerebral en dúas rexións do suco intraparietal anterior esquerdo (Figura 1). Este achado suxire que o suco intraparietal anterior é crítico na representación do obxectivo dunha acción observada.



Christopher D. Frith e Uta Frith

A nosa capacidade de percibir os obxectivos e intencións dos demais a partir da observación dos seus movementos adoita adscribirse ás neuronas espello. Estas neuronas actívanse cando os animais observan unha acción e cando a executan [36]. Nos seres humanos identificouse un sistema especular máis extensivo [37]. Ademais das rexións da codia frontal inferior e da codia parietal inferior que se activan pola observación dunha acción, existen rexións na codia cingulada anterior e illa anterior que se activan pola experiencia e pola observación de emocións como o noxo [13] e a dor [11].


Ao vincular a observación dunha acción á súa execución, o sistema especular do cerebro proporciona un mecanismo para inferir a intención ou obxectivo da persoa que se observa.

Observar o movemento dos ollos e outros tipos de movemento biolóxico activa de forma fiable o extremo posterior e superior do suco temporal (pSTS, Figura 1), sobre todo na parte dereita [38]. O STS, polo tanto, trátase a miúdo como parte do sistema espello, aínda que a execución dunha acción non se asocia coa actividade nesta rexión. Non obstante, a magnitude da activación depende do contexto no que se dea o movemento.

É importante resaltar, neste caso, a importancia das predicións anteriores que obtemos das accións doutra persoa. Pelphrey et al. [39] crearon un dispositivo visual no que un avatar miraba cara a un estímulo visual que aparecía de súpeto a dereita ou esquerda ou apartaba a vista del. A actividade do pSTS de quen observaba era maior cando o avatar apartaba a vista do estímulo. Obtíñase un resultado similar cando quen observaba o facía ante movementos de alcanzar ou coller cousas [40]. Víase máis actividade no pSTS cando o avatar non intentaba alcanzar o estímulo saínte. Estaba claro que o avatar atendese quen observaba esperaba ou intentase alcanzar o estímulo saínte. Cando rompía esta predición quen observaba tiña que repensar as intencións e obxectivos do avatar. Isto activaba máis o STS. Existen máis probas directas de que se activa máis o pSTS por non cumprir coas intencións predicibles no estudo de Saxe et al. [41]. Neste caso, os suxeitos observaban un actor que desaparecía por detrás dun estante e volvía aparecer polo outro lado. Dábase maior actividade no pSTS cando había un atraso inesperado na aparición do actor. As probas deste tipo sobre a importancia da predición e a predición de erros na observación de accións suxiren posibles mecanismos análogos á codificación predictiva na visión [42], a través da cal o sistema espello do cerebro pode usarse para percibir obxectivos e intencións [43].

A creación dun mundo compartido

Unha función central da cognición social nos seres humanos é que nos permite crear un mundo compartido no que interactuar. O sistema espello permite que se dea unha forma simple de compartir [44]. As áreas do cerebro que se asocian á dor ou ao tacto actívanse cando observamos que outras persoas



Cognición social en humanos

senten dor [45] ou cando as tocan [46]. A través destas formas de empatía, os sentimentos de dúas persoas que interactúan harmonízanse. Xa mencionamos o efecto camaleón [6], refírese á observación de que cando dúas persoas interactúan empezan a imitar as accións da outra, que leva a cruzar ambas as dúas as pernas, asentir etc. de forma sincronizada. Cando esta harmonización acontece, as persoas senten que teñen máis afinidade. A comunicación pode mellorarse aínda máis ao adoptar un vocabulario compartido, que nos permite compartir obxectivos e implicarnos en actividades conxuntas, a fin de contas, compartir unha base común [47].


Para que unha interacción teña éxito non chega con compartir sentimentos. Tamén é necesario que se compartan representacións do mundo. O ideal é que se comparta a percepción do mundo. O punto de partida para compartir unha percepción do mundo é harmonizar o obxecto da nosa atención. Este proceso chámase atención común e, normalmente, conséguese indicando un obxecto.


Isto leva a unha relación en tríade, na que dúas persoas centran a súa atención sobre o mesmo obxecto. Así, harmonízanse o fondo e a superficie dos seus dous mundos conceptuais. A capacidade de compartir a atención desta forma pódese observar en bebés de tan só 12 meses (Figura 2) [48, 49].

Estudios recentes demostraron que as persoas comparten unha representación dunha tarefa como conxunto, mesmo cando cada unha realiza só unha parte dela. Nun paradigma [50], unha parella de participantes realizaron unha tarefa de entrada permitida-entrada prohibida, sentados o un ao lado do outro. Aínda que non se requiría coordinación interpersoal, cada actor integraba a acción alternativa do co-actor na súa propia planificación de accións.

Isto tivo como resultado un conflito de selección de acción cando un estímulo requiría unha acción diferente de cada actor, como, por exemplo, unha entrada prohibida e unha entrada permitida de cada un (ver tamén [51]). A pesar desta interferencia, a tarefa seguíase realizando máis rápido cando a compartían dúas persoas que cando a facía unha única persoa, como unha tarefa de tempo de reacción ante dúas posibilidades.

Nun mundo compartido, hai moitas tarefas que necesitan unha acción complementaria máis que de imitación. Por exemplo, cando dúas persoas levan un obxecto pesado, unha pode que camiñe cara a atrás e outra cara a diante. Nestas circunstancias, a representación compartida da tarefa debería acontecer en termos de obxectivos máis que en movementos motores específicos [52]. Cando a coordinación interpersoal se necesita para realizar unha tarefa simple de tempo de reacción aparecen estratexias complexas de compartir o control do movemento de forma espontánea. Nun estudo [53], ao ter que facer un único movemento rápido, un actor controlaba a fase de aceleración do movemento, mentres que o outro controlaba a de desaceleración. Esta forma complementaria de control permite que esta acción de dúas persoas





Christopher D. Frith e Uta Frith

sexa máis eficiente que a mesma acción realizada por unha única persoa. Os procesos para crear un mundo compartido foron estudados de forma máis ampla no contexto do diálogo oral (por exemplo [54]). Por exemplo, as persoas que interveñen nun diálogo emiten sinais visuais, sobre todo inconscientes, coa mirada para controlar o cambio correspondente no discurso [55]. Igualmente, usan interxeccións como “ah” e “hum” para sinalar respectivamente atrasos menores ou maiores na fala e para evitar unha interrupción prematura [56]. Existen probas sólidas de que as persoas que falan coordinan as súas contribucións ao diálogo a través dunha base común. Esta base común créase parcialmente a longo prazo pola aprendizaxe e a cultura, pero tamén necesita establecerse de forma rápida ao principio de calquera intento de cooperación [57].


Non só necesitamos un obxectivo común para conseguir chegar a unha acción común, senón que tamén necesitamos unha visión común da natureza da tarefa en cuestión [58]. Isto aplícase tanto ao nivel do concreto (é mellor poder ver o que fai a outra persoa [59]), pero tamén a nivel conceptual. Necesitamos, por exemplo, contar cun vocabulario acordado para describir os obxectos que manipulamos [60]. Dúas persoas que falan tamén deben contar cun uso similar da sintaxe. Nun estudo [61], pares de falantes tiñan que tomar quendas para describir imaxes de cada un. Un falante traballaba con quen facía o experimento e producía descrições que variaban de forma sistemática na súa estrutura sintáctica. Isto primaba unha estrutura sintáctica similar na descrição do seguinte falante. Igual que coa lectura de intencións, as harmonizacións que se daban durante o discurso dependían da predición e emulación [62].


Todos estes sinais que afectan de forma tan profunda ás nosas interaccións verbais adoitan ser inconscientes e adoitan ser sorprendentes cando se revelan en interesantes experimentos. Na seguinte sección pasaremos a falar de sinais conscientes e a creación deliberada, máis que automática, dun mundo compartido.

Extraer sentido dos sinais sociais

Na primeira parte desta revisión, presentamos exemplos de como aprendemos cousas sobre o mundo observando outras persoas cando os sinais en cuestión son sobre todo non intencionados.

Non obstante, na sociedade humana existe unha grande cantidade de sinais que se envían de forma deliberada máis que non intencionada, ademais daquelas que reprimimos ou escondemos. Isto quere dicir que podemos controlar en certa medida en qué momento os demais adquieren coñecemento sobre nós. A capacidade de atribuír e manipular estados mentais, como o coñecemento e o descoñecemento nos demais, é parte fundamental da capacidade de mentalizar.






Cognición social en humanos


A mentalización é un prerequisite para a capacidade de participar de forma deliberada e consciente nun mundo social compartido. O desenvolvemento da mentalización é un proceso interminable. Xa mencionamos o traballo de Gergely et al. [21] que suxire que só os nenos e nenas de máis de 18 meses recoñecen que a xente distinta ten actitudes diferentes ante obxectos, de forma que a súa resposta a un obxecto nos pode dicir algo sobre a persoa máis que sobre o obxecto. Nesta fase, o neno ou nena representa o estado mental da persoa: por exemplo, que teñen medo dun obxecto que lle gusta á maioría das persoas. Os bebés tamén poden recoñecer que unha persoa adulta pode ter o desexo de comunicarse. Unha vez que se chega a esta fase, tanto a persoa que emite como a que recibe a mensaxe poden tratar os sinais sociais como deliberadamente comunicativas. Os bebés poden interpretar agora os sinais como ostensivas [63], é dicir, que indican unha aberta intención comunicativa para revelar información nova e relevante sobre un obxecto que se identificou por signos non verbais (como a dirección da mirada ou sinalar) [21].

É posible que existan formas temperás ou precursoras da mentalización, como se ve na capacidade de chancelar e de comprender as bromas no primeiro ano de vida [64]. Igualmente atopamos indicadores noutras especies que mostran un comportamento que podemos interpretar como chancelar, finxir e atender conxuntamente (por exemplo [65]). A capacidade de implicarse en comportamentos de atención conxunta e o seu desenvolvemento en bebés pre lingüísticos entre os 9 e 15 meses estudouse amplamente [66], o cal deu pé á teoría da intencionalidade compartida. Tomasello et al. [67,68] propoñen que existe un impulso cara á cooperación social que une os intentos sociais máis temperáns de comunicación cos intentos avanzados de aprendizaxe social definidos pola cultura.

Os nenos e nenas responden á mirada das persoas adultas cara a un obxecto de interese con signos evidentes de pracer e implicación dende os 10 meses e son capaces de chamar a atención das persoas adultas cara a obxectos por indicación, expresión facial ou vocalizacións (figura 2)

A partir dos 12 meses, os bebés pasan a seguir a mirada das persoas adultas por enriba de diferentes barreiras para atopar o obxectivo que está fóra do seu campo de visión e, polo tanto, mostran que poden entender de forma implícita a noción de que ver é coñecer [69]. Ademais, aos 12 meses de idade os bebés poden comprender o que son informacións vellas ou novas para outras persoas [70]. A partir de aí só queda un pequeno paso para chegar á cooperación social, como mostran vídeos destacables de nenos prelingüísticos que de forma espontánea abren a porta a unha persoa adulta que leva unha carga nos brazos [71]. O feito de que a habilidade de ter en conta os estados mentais dos demais apareza de forma tan temperá na vida significa que pode ter efectos implícitos noutros aspectos do desenvolvemento cognitivo.





Christopher D. Frith e Uta Frith





Figura 2. Nesta figura un bebé sinala a Coco e a experimentadora reacciona con atención e interese compartido. (Reproducido con permiso de [49].)

En particular, resulta crítico para aprender palabras [72, 73]. En primeiro lugar, o bebé pode recoñecer os sinais cando a nai denomina un obxecto para que o aprenda e distinguilo daqueles sinais nos cales as palabras orais e os obxectos aparecen xuntos de forma casual [74]. En segundo lugar, o bebé pode seleccionar unha persoa que sabe algo fronte á que non o sabe e prestar especial atención aos sinais que proveñen daquela que sabe [75, 76]. É precisamente esta habilidade de seleccionar os sinais que son fiables e que teñen unha intención comunicativa o que lle permite ao bebé aprender á taxa increíble de dez palabras novas ao día [77]. Ademais, os bebés aprenden palabras abstractas que teñen que ver cos estados mentais, como desexos, pensamentos, intencións e crenzas dunha forma moi temperá [78] e máis doado cando converxen sinais de significado e sintaxe [79].

A bibliografía sobre a Teoría da mente –a capacidade de predicir e explicar os comportamentos doutras persoas en canto aos seus estados mentais– resalta un cambio paulatino no desenvolvemento. Os nenos de menos de 5 anos non son conscientes de xeito explícito dos estados mentais e o seu papel na comunicación [80]. Aínda así, existen abundantes signos dunha consciencia implícita sobre as intencións e desexos dos demais polo menos dende os 18 meses aproximadamente.

Un exemplo famoso é o de xogar a ser algo. As nenas e nenos a partir dos 18 meses son capaces de comprender e atender de forma preferente a símbolos de finximento, como as voces esaxeradas ou características de expresión esaxeradas. De feito, o punto máis marcado deste comportamento é que os nenos e nenas non confunden os sinais de finximento con información sobre o





Cognición social en humanos


estado das cousas no mundo real [81]. Non obstante, esta comprensión é implícita e, polo tanto, difire da xustificación explícita dunha crenza falsa e a predición asegurada das consecuencias do comportamento aos 5 anos.


Cremos que o mesmo cambio paulatino se pode aplicar a unha comprensión implícita e explícita dos sinais comunicativos. De feito esta lagoa está conectada estreitamente co salto cultural que levou a institucionalizar o ensino e o comercio. Polo tanto, non é coincidencia que a idade de entrada na escola na maioría das culturas estea arredor da idade paradigmática dos 5 anos. A maioría das persoas estarían de acordo, exceptuando o caso de nenas e de nenos excepcionalmente precoces, que é difícil implicar a nenos de menos de 5 anos en aprendizaxe explícita. Claramente, esta aprendizaxe depende dunha comprensión total dos sinais comunicativos. Comprender o significado destes sinais permítenos tamén manipular os estados mentais doutras persoas. Polo tanto, podemos xestionar a nosa reputación utilizando sinais sociais para manipular o que pensan outras persoas sobre nós. Aínda que somos conscientes de que os sinais sociais son comunicativos, tamén podemos transmitir ideas de forma eficiente dunha mente a outra [82]. Estes sinais teñen significados e poden ser verdadeiros ou falsos. Por exemplo, cando contamos unha mentira utilizamos sinais para crear unha crenza falsa na mente doutra persoa. A capacidade de enganar de forma deliberada nos seres humanos con coñecemento explícito dun coñecemento falso e o uso do engano é manifesto dende os 5 anos [83]. Esta capacidade non se atopa nos monos pero pode verse nunha forma rudimentaria nos grandes primates [84, 85]. A capacidade de representar os estados mentais do ser e os outros, que é do que depende o engano, está apoiada nunha rede de rexións cerebrais que inclúen a codia prefrontal e a unión temporal-parietal [86, 87] (figura 1).

A consciencia e a cognición social

En seccións previas deste artigo centrámonos no procesamento dos sinais sociais que acontece de forma automática e sen necesidade de consciencia. Respondemos de forma emocional ante unha cara que chora, mesmo cando non somos conscientes de estar vendo esa cara [88]. Igualmente, pódenos condicionar mostrar unha resposta de medo ante un estímulo previamente neutral –o estímulo condicionado CS+– cando despois del recibimos un conmoción de forma repetida –o estímulo non condicionado US– sen ser conscientes del [89]. Phelps et al. [90] demostraron que a aprendizaxe do medo por observación doutras persoas de forma condicionada pode acontecer tamén sen consciencia do estímulo condicionado. Non obstante, isto non acontece co medo ensinado.

No medo ensinado, o experimentador dille ao suxeito que a aparición dun estímulo que antes era neutral (por exemplo, un cadrado azul) é seguido por un conmoción. Despois de tal instrución, a mostra do estímulo vén segui-





Christopher D. Frith e Uta Frith


da dun nerviosismo automático e outros signos do medo. Pero, en contraste coa aprendizaxe do medo por condicionamento ou por observación, este efecto do medo ensinado non acontece se o estímulo se enmascara e non chega a ser consciente [15].


Este resultado parece indicar que a consciencia é necesaria para os tipos de representacións que crean por signos comunicativos de forma deliberada. As probas a favor desta idea seguen sendo escasas. Segue sen haber un procedemento acordado para determinar de forma inequívoca se os eventos foron rexistrados sen consciencia (por exemplo [91]). Non obstante, adoita haber acordo xeneralizado sobre o feito de que o procesamento da información no cerebro acontece sobre todo sen consciencia [92]. Isto deixa aberta a cuestión de como se debe caracterizar o procesamento asociado sen consciencia. Tamén deixa aberta a cuestión de cal debe ser a función na consciencia. Na sección anterior, suxerimos que as representacións conscientes teñen un papel especial no mundo social compartido que se crea por signos comunicativos deliberados. Máis que ser experiencias privadas, as experiencias conscientes represéntanse nunha forma que pode compartirse con outras persoas creando así unha base común para a cultura [93].

Outra indicación da relevancia da consciencia para a cognición social provén dun estudo sobre o prexuízo racial. Amodio et al. [94] rexistraron electroencefalogramas (EEGs) mentres que os participantes realizaban unha tarefa cognitiva co obxectivo de medir o seu nivel de prexuízo racial ben de forma confidencial (en privado) ou mentres os observaba un experimentador obviamente imparcial (en público). O control das respostas en privado asociábase coa amplitude da negatividade relacionada co erro. Este compoñente do EEG acontece en cuestión dun milisegundo dunha resposta e reflicte un estado temperán, preconsciente de seguimento de conflitos. Ao contrario, cando se respondía en público, o mellor control da resposta relacionábase coa amplitude do compoñente positivo relacionado co erro do EEG. Este acontece máis tarde, a 200 milisegundos tras a resposta e asóciase coa consciencia de cometer un erro [95, 96]. A corrección en público dun erro nesta tarefa relaciónase coa construción de reputación: intentamos influír en como nos ven os demais. A fonte destes dous compoñentes relativos ao erro do EEG foi situada na codia cingulada anterior, coa fonte do compoñente asociado á consciencia na zona máis anterior [96, 97].

Esta rexión máis anterior da codia cingulada e a codia paracingulada adxacente (codia frontal media anterior rostral) foi asociada á meta cognición (pensar sobre pensar) [98] e á representación única humana das relacións triádicas entre dúas mentes e un obxecto [99] (figura 1).

